



NARÓN

Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/39/2018	CON12I1GI
6X5C4K5H4H3T402M0M6B	

Espazo reservado para o numero de resolución
Non utilizar

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe proposta emitido polo xefe da Sección de Contratación en relación coa merca dun baixo no barrio do Alto do Castiñeiro, en cumprimento do disposto na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, no que se establece que:

Á vista dos seguintes antecedentes:

A Alcaldía deste Concello mediante resolución do 10 de setembro de 2018, xustificou a necesidade da adquisición do local referido e iniciou o correspondente expediente de contratación.

A adxudicación do contrato será mediante procedemento aberto, cun tipo de licitación de 495,00 euros/metro cadrado, impostos non incluídos.

No expediente consta de informe de necesidade do servizo e alcaldía, incoación do expediente, informe de procedemento, certificado de existencia de crédito e informe sobre o órgano de contratación, informe pericial de valoración do ben, prego de cláusulas administrativas e prego de cláusulas técnicas e informe do Secretario Xeral sobre o procedemento a seguir.

En relación co establecido na cláusula adicional terceira apartado 3 da LCSP, a adquisición do local de referencia, áchase incluída nos orzamentos de 2018, entendese pois que non se produce modificación algunha no informe de avaliación de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e financeira nin da regra de gasto que figura no expediente de aprobación do referido documento.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



- O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

Visto canto antecede e de conformidade co informe do Secretario Xeral, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Polo exposto, e unha vez fiscalizada de conformidade a proposta de aprobación do expediente polo departamento de Intervención de Fondos con data de 19 de outubro de 2018 (IGA12I0FG), esta alcaldía en virtude das competencias atribuídas pola Disposición adicional segunda da LCSP vén resolver:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para a adquisición dun local no barrio do Alto do Castiñeiro, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto de 119.790,00 euros correspondente ao importe máximo do contrato, impostos incluídos.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación esixida no artigo 63.3 da LCSP. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

*Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)*